

## **Características xerais das saídas**

- Todas as saídas contarán con ata 3 guías especializados/as e están dirixidas a persoas maiores de idade, agás as dúas rutas familiares.
- Ofértanse 40 prazas para cada unha das saídas cun prezo público de 23 euros. Nas rutas familiares, o prezo público será de 12 euros para persoas adultas e 6 euros para menores de idade.
- Terán preferencia as persoas empadroadas no Concello de Oleiros, pero no caso de quedar prazas vacantes o Concello resérvase o dereito de valorar a participación doutras persoas.
- Todas as saídas serán en sábado de día completo.
- As saídas previstas neste programa poderán sufriren variacións ou anulacións durante o seu desenvolvemento por causas debidamente xustificadas.
- Todas as persoas participantes deberán contar con preparación física axeitada para desenvolver as rutas según o grao de dificultade das mesmas.
- Recoméndase roupa axeitada e cómoda e calzado específico para a actividade de sendeirismo, auga, gorro ou gorra, crema solar, bastón/s (opcional) e froita ou froitos secos para levar na mochila durante a ruta.
- O xantar e as bebidas das persoas participantes correrán pola conta de cada quen.
- Durante a actividade respectaranse en todo momento as indicacións da organización en materia de seguridade, itinerarios a seguir ou recomendacións para o respecto e a protección do medio ambiente e o patrimonio cultural.

## **Características específicas das rutas familiares**

- As rutas familiares están dirixidas a familias, nas que poderán participar menores que como mínimo cumpran 6 anos no ano da actividade, e o pai e a nai ou titor/a legal.
- Nas rutas familiares deberán inscribirse, como mínimo, un/unha menor máis un/unha proxenitor/a ou titor/a. Poderán participar fillos/as maiores de idade.
- No caso de que só participe un dos proxenitores permítense a inscrición dun máximo dunha persoa adulta acompañando a familia.
- No caso de quedar prazas vacantes o Concello resérvase o dereito de valorar a participación doutras persoas vinculadas á familia participante.

O Programa Andares por Galicia está destinado a descubrir as características más importantes a nivel natural, social e cultural das zonas que se visiten e xerar conciencia de coidado e protección do patrimonio natural e cultural.

Trátase de promover a convivencia e a socialización do grupo de participantes nun ambiente aberto e favorecer hábitos saudables de ocio no medio natural.

### **Inscricións a través da sede electrónica:**

Catálogo de trámites • Cultura • Inscrición en saídas culturais

### **Información no Departamento de Cultura**


A Fábrica. Rúa do Inglés, nº 13 - 15172 • Perillo (Oleiros)  
Tel.: 981 636 598 - 981 610 000 Ext.: 4915 e 4916

r.caparros@oleiros.org • cultura@oleiros.org

Concello de  Oleiros

# **ANDARES POR GALICIA**

A cultura da Natureza 2026



Concello de  Oleiros

Sábado, 28 de febreiro de 2026

### RUTA POLAS PENAS DE RODAS E MIRADOIRO DA TERRA CHA

**Lonxitude:** 11 km

**Dificultade:** media-baixa

**PUNTOS DE INTERESE:** Penas de Rodas, Miradoiro dos Paraños, Carballeira da Feira, Igrexa de Santiago de Francos, Reserva da Biosfera Terras do Miño

**VISITA CULTURAL:** Museo Provincial de Lugo, Muralla de Lugo e paseo polo adarve



Sábado, 28 de marzo de 2026

### RUTA POLA SERRA DO FORGOSELO E ALTO DE RACAMONDE

**Lonxitude:** 16,5 km

**Dificultade:** media

**PUNTOS DE INTERESE :** San Boulo de Caaveiro, ZEC Xubia – Castro, Pico Ventoso, Pena da Colmea, Cova Rudeira, Pena dos Monteiros, Curro, Fonte das Lebres, Veiga da Foles, Pena Daza, Alto de Racamonde, Pena do Convento e pena da sombra

**VISITA CULTURAL:** Museo etnográfico do Monte Caxado (As Pontes)



Sábado, 25 de abril de 2026

### RUTA DA SERRA DO CANDÁN - ÁS PONTES DO LÉREZ

**Lonxitude:** 16,5 km

**Dificultade:** media-alta

**PUNTOS DE INTERESE:** ZEC Serra do Candán, Río Lérez, Mosteiro de Aciveiro, Ponte das Brañas, Ponte Vella de Andón, Ponte Carballa, Ponte do Crego e Ponte Maril, Aldeas de Masgalán, Vilaverde, Alvariza de Rochela

**VISITA CULTURAL:** Mosteiro de Aciveiro (só exterior)



Sábado, 23 de maio de 2026

### RUTA POLO PARQUE NATURAL DA SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA

**Lonxitude:** 12,4 km

**Dificultade:** media

**PUNTOS DE INTERESE:** Parque natural Serra da Enciña da Lastra, Biodiversidade de orquídeas na Lastra, Aciñeira senlleira de Covas, Vilardesilva, Ermida de santo Estevo de Pardollán, Encoro de Penarrubia, Estreito do Sil, Minas de pintura de Pardollán

**VISITA CULTURAL:** Centro de visitantes do parque natural (Biobra)



Sábado, 20 de xuño de 2026


### RUTA POLA CONTORNA DO PARQUE NATURAL DE CORRUBEDO

**Lonxitude:** 13 km

**Dificultade:** media - baixa

**PUNTOS DE INTERESE:** Os Muíños, Parque Natural Complexo dunar de Corrubedo, Río de Artes, Dolmen de Axeitos, Arquitectura popular; lavadoiros e muíños, Lagoa de Carregal, Bosque de ribeira, Monte da Lavandeira, Río da Cidade, Túmulo de Pipín, Mina de wolframio e lavadero

**VISITA CULTURAL:** Museo do gravado de Artes (Ribeira)



Sábado, 26 de setembro de 2026

### RUTA DE PENA GUÍMARA NA FONSAGRADA

**Lonxitude:** 11,5 km

**Dificultade:** media-alta

**PUNTOS DE INTERESE:** Reserva de Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón, Aldea de Vilardíaz, Aldea de San Martiño de Robledo, Aldea abandonada e castro de Romeán, Fraga de Carbalido, Foces A Pinguela, fervenzas, Covas de Vilardíaz, Río Veiga de Logares

**VISITA CULTURAL:** Museo da Fonsagrada



Sábado, 24 de outubro de 2026

### RUTA POLO SOLPOR DA COSTA DA MORTE

**Lonxitude:** 16,5 km

**Dificultade:** media

**PUNTOS DE INTERESE:** Ría de Lires, Vaosilveira, Areal de Nemiña, ZEC Costa da Morte, Aldea de Touriñán, Monte de Sombelo, Praia de Moreiras, Cabo e Faro de Touriñán, Solpor no punto más occidental de Galicia (e da España peninsular)

**VISITA CULTURAL:** Cabo Touriñán, o faro do último solpor



## RUTAS FAMILIARES

Sábado, 09 de maio de 2026


### RUTA FAMILIAR - A TERRA CHÁ

**Lonxitude:** 6 km

**Dificultade:** baixa

**PUNTOS DE INTERESE:** ZEC Parga - Ladra - Támoga, Reserva da Biosfera Terras do Miño, Lagoa de Cospeito, Zona húmida protexida, Arquitectura popular no río, Bosques autóctonos e árbores senlleiras, Pobos de colonización da Terra Chá, Barrio das cegoñas

**VISITA CULTURAL:** Espazo Museístico de Muimenta: Antiga Escola, Museo das Zocas, Xogo Tradicional, Árbores senlleiras e Igrexa Vella



Sábado, 17 de outubro de 2026

### RUTA FAMILIAR POLAS TERRAS DO CASTELO DE SAN PAIO DE NARLA

**Lonxitude:** 9,2 km

**Dificultade:** baixa

**PUNTOS DE INTERESE:** Castelo-Fortaleza de San Paio de Narla, Área recreativa do río Narla, Río Narla, Castro Friulio, Igrexa de San Xiao, Paisaxe agrícola, Arquitectura tradicional: muíños, fontes e lavaderos

**VISITA CULTURAL:** Museo do Castelo - Fortaleza de San Paio de Narla (Friol)

